## FORMULARIO DE INSCRICIÓN

**"II Xornadas Galegas do Ensino Musical"**
16 e 17 de Abril de 2010

Nome e Apelidos: ____________________________

NIF: ________________________________________

Enderezo: ___________________________________

CP: __________ Poboación: ___________________

Provincia: ___________________________________

Teléfono: ___________________________________

e-mail: ______________________________________

Centro de traballo: ___________________________

**Perfil do asistente:**

□ Mestre de Primaria □ Profesor de Secundaria

□ Profesor de Conservatorio □ Profesor de Universidade

□ Estudante (especificar)

□ Outro (especificar)

**Situación administrativa:**

☐ Funcionario de carreira

☐ Funcionario en prácticas

☐ Interino

**Socio de Asomúsica:**

☐ Si

☐ Non

---

* Esta actividade está en trámites de recoñecemento e homologación pola Consellería de Educación.

* Expediranse certificados de asistencia.

* As persoas interesadas en participar na cea que terá lugar a continuación da mesa redonda, deberán notificalo canto antes para confirmar a súa reserva e abona-lo prezo da mesma (20 €).

## INSCRICIÓN E MATRÍCULA

Número de prazas: 100

Prezo de matrícula:

- Socios de Asomúsica: Gratuíta (para asociarse *www.asomusica.com*)
- Non socios: 40 €

a) Facer o ingreso da matrícula ou da cota de socio na conta:

**2091 0501 67 3040034611 Caixa Galicia**

b) Realizar a inscrición antes do día 14 de Abril e enviar copia do recibo bancario así como do formulario de inscrición a secretaria@asomusica.com ou ben a ASOMUSICA, R/ Elduayen nº32, 3º, Vigo C.P. 36202 .

**Organiza:**

Asociación de Profesores de Música de Secundaria e Bacharelato de Galicia (ASOMÚSICA)

Asociación de Profesores de Música de Secundaria e Bacharelato

**Colaboran:**

- Escola Municipal de Música de Santiago.

CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación
ESCOLA MUNICIPAL de MÚSICA

Asociación de profesores de música de secundaria e bacharelato de Galicia

# II Xornadas Galegas do Ensino Musical



*Santiago de Compostela*
*16 e 17 de Abril de 2010*

# II Xornadas Galegas do Ensino Musical

A Asociación do Profesorado de Música de Secundaria de Galicia (ASOMÚSICA), no seu afán de cohesionar e establecer canles de comunicación entre os profesionais de tódalas etapas do ensino musical, así como entre as persoas interesadas no estado, a investigación e a práctica do ensino da música, organiza as II Xornadas Galegas de Ensino Musical.

Estas xornadas teñen como fins establecer a comunicación fluída entre os diversos corpos do ensino musical, promover o intercambio de ideas e estratexias na didáctica da música, e reflexionar sobre esta como elemento esencial en tódolos niveis do currículo e na sociedade no seu conxunto .

## LUGAR DE CELEBRACIÓN

**Escola Municipal de Música de Santiago**.

*Enderezo: Rúa de Betanzos, 55. A Almáciga (Consultar o mapa na web de Asomúsica)*

## A QUEN VAN DIRIXIDAS?

Os destinatarios desta actividade son os profesores de Música de Primaria, Secundaria, Bacharelato e Conservatorios de Galicia, ben traballen no ensino público, privado ou concertado, así como todos aqueles outros profesionais da docencia de Música que teñan interese polo estado do ensino da música en xeral.

## PROGRAMA

*Venres, 16 de Abril (mañá)*

**9:30 h. Recepción de asistentes e benvida.**

**10:00 - 12:00 h. Conferencia inaugural: "**Problemas de las relaciones mente-cuerpo en la práctica y enseñanza de la música" **,** a cargo de Rubén López Cano, *Escola Superior de Música de Cataluña.*

**12:00 -12:30 h. Descanso**

**12:30 - 14:00 h. Comunicación:** "Por un oído me entra... Algunas consideraciones sobre la escucha y el acontecimiento sonoro", *Juan-Gil López Rodríguez, IES de Ames.*

*Venres, 16 de Abril (tarde)*

**16:30 - 18:00 h. Comunicación:** "Sodes músicos?...si, todos", *Paula Carreras Silva, IES Escolas Proval, (Nigrán) .*

**18:00 - 18:15 h. Descanso**

**18:15 - 18:45 h. Presentación do Colectivo Musicrearte**

**18:45 - 19:00 h. Descanso**

**19:15 - 21:00 h. Mesa redonda:** "Panorama dos ensinos de Música en Galicia", *Luís Costa, Carlos Villanueva, Mª Elena Sobrino, Irene Caeiro.*

*Sábado, 17 de Abril (mañá)*

**9:30 - 11:00 h. Comunicación:** "Música do Século XX na aula de música: unha proposta dende a indeterminación", *Javier María López Rodríguez, C.P.I. de Xanceda, (Mesía) .*

**11:00 - 12:30 h. Comunicación:** "La música en imágenes: un recorrido por los géneros musicales audiovisuales", *Pablo Mato Collazo, CPI Cernadas de Castro (Lousame).*

**12:30 - 13:00 h. Descanso**

**13:00 - 14:30 h. Comunicación:** "O proxecto lector na área de música", *Mª Victoria Piñeiro Carregado, IES Marqués de Suanzes (Ferrol).*

**14:30 - 16:00 Xantar**

*Sábado, 17 de Abril (tarde)*

**16:00 - 17:30 h. Comunicación:** "Seccións Bilingües, proxectos europeos... Pura propaganda ou novas posibilidades?", Xosé Eliseu Mera Quintas, IES Pintor Colmeiro (Silleda)

**17:30 - 19:00 h. Comunicación:** "O estudo de gravación na aula de música", *Fernando Abreu Fernández, IES Salvaterra de Miño.*

**12:30 - 13:00 h. Descanso**

**19:30 - 21:00 h. Comunicación:** "Música de xoguete: A Orquestra Orff IES As Bizocas", *Xosé Manuel Durán Graña, I.E.S. As Bizocas, (O Grove)*

## RUBÉN LÓPEZ CANO

Ensina Estética, Músicas do Mundo, Historia da Música do século XVII, Metodoloxía da investigación e Teoría do coñecemento no Departament de Musicología da Escola Superior de Música de Catalunya e colabora como profesor e investigador con diferentes institucións, universidades e proxectos de Europa e América Latina.

É autor dos libros *Música Plurifocal* (México: JGH, 1997) e *Música y Retórica en el Barroco* (México: UNAM, 2000) e coeditor de *Música, ciudades, redes: creación musical e interacción social* (Salamanca: Fundación Caja Duero, 2008); *Semiótica Musical* (Número especial da revista Tópicos del Seminario 19, 2008) e *Música popular y juicios de valor: una reflexión desde América Latina* (Caracas: UCV, 2010). Dirixe a colección Instrumentos para la investigación musical da SIbE-Sociedade de etnomusicoloxía. Escribiu numerosos artigos especializados en retórica e semiótica musicais, aspectos teóricos e filosóficos da musicoloxía cognitiva, epistemoloxía da investigación musical, música popular urbana, música e posmodernidade e sobre diáspora, corpo e subxectividade en música.

É membro fundador do Seminario de Semioloxía Musical (UNAM), editor, xunto a Miquel Gené, do *Observatorio de Prácticas Musicales Emergentes*, director de TRANS- Revista Transcultural de Música e membro da directiva da SIbE-Sociedade de Etnomusicoloxía.

Actualmente desenvolve modelos da filosofía da mente para o estudo das competencias musicais cun especial énfase nas relacións mente-corpo na cognición musical e a construción musical da subxectividade. Así mesmo, escribiu con María Edurne Zuazu (España) un ensaio sobre a música na telenovela transnacional e traballa con María Emilia Greco (Arxentina) sobre o sampleo no tango electrónico. Investiga na prehistoria do Mambo, na produción corporal-performativa de discursos sociais e de xénero na timba cubana, o *reggaeton*, o *tangoqueer* e os sonideros da cidade de México, nas poéticas do *Cyborg* nos vídeos musicais de Chris Cunningham e na construción musical de subxectividades poscomunistas en diferentes esceas musicais Cubanas.